

# Educar para triunfar



Fernando Lacaci

Presidente da Confederación de ANPAS Galegas

[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.org](http://www.anpasgalegas.org)

REVISTAGALEGA  
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 78-79

As mulleres e os homes pensamos sempre que imos ter os primeiros fillos do universo, que procreamos a única persoa totalmente nova e magnífica. Cando nace unha crianza, as nais e os pais, aínda que non gustemos de recoñecelo, ficamos abraiados por ver que tal fixemos, que marabilla espectacular saíu de nós mesmas, que nivel de perfección conseguimos. Tan pampas quedamos que tardamos horas, días, semanas, algunhas unha vida enteira, en descubrir que esas fillas e fillos son persoas correntes, coma todas, e que o que é magnífico e espectacular é o noso cariño por elas, a nosa natural sensación protectora, a nosa obriga inmediatamente asumida de lles dar todo o que precisen para medraren e ser felices. E nese impulso gastamos, a partir dese momento, toda a vida.

Equivocámonos sempre en parte, porque é de seu que non podemos dar o que non temos, e que a nova vida que depende da nosa trae as súas propias novidades, as súas críticas e as súas adaptacións a un mundo novo, o dela propia. Equivocámonos porque hai que introducirlas a un mundo que non é o noso, e no que polo tanto non somos quen a as guiar de xeito en todo o camiño.

Por iso temos que deixalas avanzar, e miralas e apoialas, e descubrir que o milagre aínda non fora todo o descrito, aínda falta ver como unha persoa nova fai o seu propio camiño, tece as súas propias redes, desenvolve as súas potencialidades e alicerza as súas únicas e persoais capacidades.

E nós, as nais e pais, adoitamos permitírllelo, e cando descubrimos que non temos todas as respostas, prestámonos a ser o caxato que necesitan para medraren; que vén sendo máis menos cando nos descubrimos soportados polo caxato dos vellos, e sorrimos ao descubrimos a vida, tan tarde, e tan a tempo.

Pero a sociedade non actúa así, a sociedade non está mirando na mirada das cativas e cativos por ver que é o mellor que pode saír dese lugar virxe onde todo medra; a sociedade quere repetir condutas e estereotipos que reduzan as novas persoas a lugares comúns e estandarizacións clasificábeis; quere reproducir comportamentos e respostas; limar, e limitar, as di-

ferencias e peculiaridades de cada crianza para dar un número escaso de respostas, e gastar -sobre todo iso- un número limitado de recursos na atención ao seu crecemento.

A sociedade, a escola tamén por desgraza, quere rendemento no seu labor educativo, quere formación para o éxito económico e comercial, porque ten agora identificado ese éxito co éxito persoal e coa conveniencia do grupo; a escola está a querer perfís que produzan beneficios que poidan contarse; a escola está a recibir, e aceptar, un discurso de logro científico e tecnolóxico como a única resposta positiva para que o mundo avance e mellore.

Pero o que non sei se somos quen de ver, con ese novo culto ao xato dourado da exclusividade das ciencias, é que se gastamos tempo e recursos en ciencia e tecnoloxía tereamos avances e éxitos só neses campos, e perderemos os posíbeis éxitos noutras disciplinas, e tamén perderemos o máis importante, que é formación global da personalidade. Mesmo, nun prazo medio, nin sequera tereamos éxito no que pretendiamos, porque o éxito non pode deslindarse dunha formación adulta complexa e completa. As persoas non pensamos nunha única dirección, iso fano as máquinas, e nós non o somos.

Está ben avanzar na modernidade, e investir orzamentos e esforzos en investigación e desenvolvemento; está ben preparar a infancia e a mocidade para un mundo que require moita máis formación práctica e moito máis coñecemento actualizado. Está ben andar á procura de experiencias orixinais e establecer as bases dun futuro que está a organizarse

dun xeito distinto do que estamos afeitas.

Pero todo iso non pode facerse deixando de lado a formación humanística e a atención á diversidade, por unha parte porque non podemos pensar que a educación é só un espazo de preparación para o mundo laboral. Pero máis aínda: tampouco podemos enganar a xuventude presentándolle un futuro onde só exista unha saída profesional e onde as opcións de éxito se reduzan a un contexto único.

A aposta das autoridades educativas pola dotación de máis medios, aínda que sexa só propagandística, que é iso o que está a pasar agora mesmo no noso país, para as materias de ciencias, tecnoloxía e matemáticas é unha aposta coxa. Porque a aposta real tería que ser a opcionalidade máxima nun mundo diverso, no que cada moza, cada mozo, tiver ao seu dispor a posibilidade de se formar en ciencias, en artes, en letras, en tecnoloxía, en matemáticas ou en historia, no que for, no que cadre, no que lle conveña; mesmo se o que lle convén non é nada diso e descobre un mundo novo no que poder medrar.

O que precisa a mocidade é descubrir que quere facer, para que serven as súas capacidades, e ser axudada para desenvolverlas do xeito máis completo posíbel, sen complexos, e sen opcións boas ou peores. O que necesitamos nese tempo de ensino obrigatorio é atopar as persoas que hai dentro de cada crianza e facelas medrar en si propias, sen forzarlles a escolla futura con criterios de oportunidade e rendemento que xa logo chegarán en etapas posteriores.



Etapas posteriores onde si que debe existir un grande esforzo pola atención formativa, onde si teriamos que ser quen de apoiar de xeito efectivo o alumnado, cunha orientación adaptada e coñecedora do individuo, cos apoios económicos que cada quen precise, cun plan real que compense as desigualdades que cada persoa levamos connosco, e coa contorna na que nos tocou vivir. Porque o lanzamento de fogos de artifício, co anuncio de plans estrela que acollen un pouco alumnado escolleito pola súa facilidade previa, non é igualdade, non é apoio, non é avance, e non é xustiza para a xuventude.

O mundo necesita formación técnica e científica, e precisa artistas, obreiras, escritoras e lectoras, cadaquén de nós somos unha peza insubstituíbel no crebacabezas global no que nos tocou vivir, e non deberiamos dirixir a xente para ser a peza equivocada, porque toda a súa vida terá a sensación de non encaixar correctamente, e iso non é, nin pode ser nunca, a razón pola que educamos a xente nova que vén tras de nós; non podemos ser tan curtos de miras. ■